


NOTA

HISTAGRA ORGANIZA A PRESENTACIÓN DO DISCO **SON DA MEMORIA**. UN TRABALLO DE SESO DURÁN



Un proxecto escrito arredor do que aconteceu a partir do golpe de estado de xullo de 1936. Centrado nas vítimas, nos verdugos, nos lugares, no cable eléctrico que conecta pasado e presente; o disco foi publicado por **Inquedanzas Sonoras** en maio de 2017 e está sendo presentado en directo desde entón en espazos como Radio 3, Culturgal ou o Festival SinSal.

Desenvolvemento do acto:

No acto, presentado polo Catedrático de Historia da USC Lourenzo Fernández Prieto IP de **HISTAGRA**, o autor do traballo presentará un making off do mesmo, realizará unha breve intervención sobre o proxecto, cantará uns temas e atenderá ás preguntas e debate posterior.

Así mesmo, o director do Festival SinSal Estrella Galicia, Julio Gómez, fará entrega ao Grupo Histagra de gravacións en cilindros de cera de textos de presos da Illa de San Simón, realizadas por varios artistas dentro do proxecto Son da Memoria, de Seso Durán, di rixidos por Aleks Kolkowski. Julio Gómez explicará o concepto sonoro deste tipo de soporte e a natureza do cilindro fonográfico.

Datos da presentación:

Data: 15 de novembro de 2018

Lugar: Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia

Hora: 19:00 h.

Ligazóns de interese:

https://www.youtube.com/watch?time_continue=5&v=-uwLw3hQNU4

<https://www.youtube.com/watch?v=rWLIbvZA9KA>

<https://sesoduran.wixsite.com/sondamemoria>

<http://histagra.usc.es/es/nova/3e9123e2e819/>